Non existe un paso xigante cara ao éxito... si, moitos pasos pequenos

Boletín
Universidade LABORAL

decembro 2017
nº 7

boletin@ulaboral.eu

CICLO PLURILINGÜE

PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS

Imaxinas mellorar o teu nivel de inglés ao mesmo tempo que sacas un ciclo formativo?

Desde este curso, no IES Universidade Laboral, podes facelo, pois o CS de Prevención de Riscos Profesionais vén de converterse nun ciclo plurilingüe, despois de que a Consellería de Educación, dentro da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras Edulingüe 2020, incluíra neste programa a Formación Profesional no curso 2017/18.

Un ciclo formativo plurilingüe implica que os alumnos cursan un módulo de primeiro curso e un módulo de segundo curso nunha lingua estranxeira, inglés no noso caso, a fin de mellorar as súas competencias nesta mentres adquiren os coñecementos propios do módulo en cuestión. Este tipo de ensinanza, empregada por milleiros de docentes en todo o mundo é coñecida internacionalmente como CLIL (Content and Language Integrated Learning), baséase en vincular o idioma estranxeiro a máis ámbitos de aprendizaxe que os estritamente lingüísticos, integrándoo na vida académica cotiá e expoñendo o alumno o máximo posible á lingua. Para garantir que o nivel sexa axeitado, o profesorado implicado debe acreditar como mínimo un nivel B2, e para os alumnos impártese unha actividade específica de reforzo do idioma, á que acoden voluntariamente fóra de horario lectivo. Ademais, un auxiliar de conversa nativo fai labores de apoio semanal nas clases.

A ensinanza plurilingüe adquire unha especial transcendencia na contorna globalizada na que se desenvolven na actualidade as actividades profesionais, e conscientes diso, no noso centro levamos formándonos e empregando as técnicas CLIL desde a creación das nosas dúas primeiras seccións bilingües no curso 2009/10. O resultado foi tan bo que o número de seccións chegou ata seis, e tamén esperamos aumentar as ensinanzas plurilingües ofertadas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de recoñecer o noso traballo mediante a entrega, nun acto celebrado en Santiago o pasado 15 de novembro, dunha Estrela PluriFP que acredita a nosa participación na estratexia Edulingüe da Xunta de Galicia, e que recolleron moi orgullosos Nuria Bernárdez Pérez, Coordinadora de Ciclos Formativos Plurilingües e José Ignacio Vila Alonso, Xefe de Estudos do centro. Este é só un paso máis na clara vocación internacional do IES Universidade Laboral.

Novos aires no Club de Lectura

Un ano máis poñemos en marcha o noso Club de lectura, dando a benvida aos novos membros, falando de libros, ollando as novidades e con grandes ansias de comezar.

Integran o noso club o alumnado de Bacharelato e Ciclos, profesorado e persoal non docente, un grupo heteroxéneo pero coa mesma paixón, os libros. O mellor, compartir experiencias lectoras ... e o café.

Formación de Ususarios da Biblioteca

Coma cada ano ao inicio de curso, amosámoslle a biblioteca ao novo alumnado de 1º de Bacharelato e 1º de Ciclos Formativos. Todos están invitados a coñecer os nosos servizos e coñecer os nosos fondos.

PREMIOS DESAFÍOS STEM

El grupo de alumnos de 2º FP Básica de Fabricación y Montaje del curso 2016-2017, acaba de ser premiado en la categoría junior apartado impresión 3D de la convocatoria de los "Desafios Stem" de la Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.

Su propuesta está basada en una réplica de un taller, con diversa herramienta de uso habitual así como un decorado exterior con una fuente de agua y farolas con iluminación mediante un mini panel solar. Dicha idea es un compendio de todo lo aprendido en diversos módulos del ciclo junto con el dibujo asistido por ordenador y la apuesta por incluir la impresión 3D en su aprendizaje.

Enhorabuena chicos!



Emprendimiento. "Vivero de Empresas"

Ponencias

Como todos los años, en nuestro instituto se realizan numerosas actividades de formación complementaria para mejorar la formación de los alumnos.

En este primer trimestre pudieron asistir a varias sesiones que resultaron de gran interés para el alumnado.

Organizado por el Vivero de Empresas, tuvimos en el instituto una charla motivacional dentro de un programa de emprendimiento en Formación Profesional.

Fue a cargo de la fundación Repsol en colaboración con la Consellería. Entre los ponentes, contamos con la participación de Iván Dobarro y Pablo Campos, un emprendedor, que nos contó su experiencia, que resultó muy interesante para todos.

Acudieron alumnos de los ciclos superiores de las familias profesionales de "Electricidade e Electrónica", "Instalación e Mantemento" y "Enerxía e Auga".

OBRADOIRO

A domesticación do lume con métodos do Paleolítico

O día 26 de outubro tivo lugar un obradoiro sobre "A domesticación do lume con métodos do Paleolítico" na contorna da Universidade Laboral.

Era cousa de arqueoloxía experimental e o alumnado en grupos de tres, tentaban facer lume coas mans e materiais naturais coma a madeira, as pedras, etc.

Tivemos á vista réplicas de materiais e obxectos prehistóricos: propulsores, puntas de frecha e coitelos de sílex, machadas bifaces e peles de reno. Foi programado para primeiro de bachelarato, e participaron os grupos A e B, e estivo promovido polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

CONFERENCIA DE EDUCACIÓN FINANCIERA

¿Preparados para dar el salto?

El 8 de noviembre se impartió una conferencia sobre educación financiera «¿Preparados para dar el salto?: Las necesidades financieras a lo largo de la vida» de Afundación.

La conferencia se enfocó en primer lugar en los efectos que la evolución tecnológica va a tener sobre la vida de las personas, su efecto sobre el trabajo y la necesidad de tener un mayor control de las finanzas personales.

La conferencia estuvo dirigida hacia los alumnos de Bachillerato y organizada por el departamento de Economía.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
DO IES UNIVERSIDADE LABORAL

O alumnado do C.S. de Prevención de Riscos Profesionais estivo a darlles unhas charlas aos diferentes grupos do centro, nas que lle indicaban ao alumnado do centro como actuar ante unha emerxencia.

As charlas axudaron á divulgación do **Plan de Autoprotección do centro** e que todo o alumnado identifique os puntos de encontro situados nas explanadas de Mariñas e no reloxo solar da entrada principal.

Indicacións máis importantes ante unha emerxencia:

- ◊ Manter a calma.
- ◊ Obedecer instruciónns do profesorado.
- ◊ Comezar a evacuación cando se dea a orde.
- ◊ Prohibido levar vultos ou similares.
- ◊ Non correr, empuxarse, nin deterse.
- ◊ Prohibido retroceder por algo ou alguén.
- ◊ Permanecer nos puntos de encontro e facilitar o reconto por parte do profesorado.

PLAN EDUEMPRENDE na Laboral

A Consellería de Educación puxo en marcha o programa Medra que se desenvolve dentro do marco do Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia (Plan Eduemprende).

As claves

Na conferencia de Anxo Pérez, hai unha palabra que é un reclamo: **ÉXITO.**

*"Tendo en conta que o éxito non é o mesmo para todos, únicamente cada un de nós sabemos que é o que buscamos e cal é o noso **éxito**"*

*"O noso obxetivo debe ser erguernos todos os días co entusiasmo de facer sempre algo mellor que o día anterior, de este modo conseguiremos o noso propio **éxito**, pero nese camino non estamos solos, o noso redor hai moita xente disposta a axudarnos"*

Esta acción desenvólvese en catro obradoiros, un por provincia, impartidos por Anxo Pérez, conferenciante e fundador de 8Belts.com, un método que ensina un idioma en oito meses. Anxo é un emprendedor natural de Fisterra (A Coruña).

O primeiro desta serie de obradoiros tivo lugar o día 24 de outubro no noso centro, e Anxo Pérez mantívonos moi entretidos falándonos de:

- Emprendemento.
- Desenvolvemento persoal. Aproveitamento de todo o noso potencial.
- Motivación e consecución de obxectivos.
- Cultura e empresa. Como identificar, desenvolver e reter o talento.
- Innovación e procura da excelencia.

A este acto asistiu o alumnado de Bacharelato e os segundos cursos dos ciclos superiores, e resultou unha experiencia moi gratificante e na que todos aprendimos moito.

ACTIVIDADES C.S. DE PREVENCIÓN DE RISCOS

O alumnado do Ciclo Superior de Prevención de Riscos Profesionais participou en diversas xornadas de formación no ISSGA e visitou as empresas de ALCOA e VERTEX BIOENERGY, para analizar os riscos e coñecer os diferentes procesos produtivos. Mesmo puidemos desfrutar do servizo de comedor de ALCOA, no que fomos convidados a un copioso xantar.

O alumnado de Prevención de Riscos e o persoal non docente do centro participou nunha xornada de formación de Norprevención, en vistas a poñer en marcha o Plan de Autoprotección do centro .

Ademais de toda a oferta formativa que ofrecemos, a Universidade Laboral participa en multitude de actividades complementarias á formación, algunhas no propio centro e outras externas.

Pull & Bear, perfecta combinación de Ecoeficiencia y Moda

Alumnado de Bachillerato y Ciclos de nuestro instituto tuvieron ocasión de acudir a las nuevas y eficientes instalaciones que Pull and Bear tiene en su sede de Narón, allí visitaron las secciones de Logística, Recursos Humanos y Diseño entre otras. La visita resultó realmente interesante para los numerosos asistentes que mostraron su expectación ante la arquitectura, el diseño y la ingeniería de las nuevas instalaciones, donde el 100% de la energía utilizada es renovable .

A Universidade Laboral imparte o "Ciclo Superior de Enerxías renovables" e o "Ciclo Superior de Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica", que constitúen algúns dos perfís con maior demanda do sector das instalacións.

Contacontos en francés "L'Afrique contée"

Dende o departamento de francés organizaron unha actividade para o vindeiro luns 13 de novembro. Samuel Mountoumjou, contacontos camerunés, visitou a nosa biblioteca e invitounos a viaxar a África a través das súas historias, lendas, parábolas e anécdotas.

A actividade estivo dirixida ao alumnado de francés, pero, todo o alumnado e profesorado do centro estivo convidado a asistir e gozar da paixón pola lingua de Molière.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

EDLG Equipo Dinamización Lingua Galega

I.E.S. Universidade Laboral

Novembro á galega

No mes de novembro, tamén coñecido como mes de Santos ou de san Martiño, hai dúas celebracións moi arraigadas na cultura galega: o Samaín, coincidindo co día de Todos os Santos e o Magosto, polo san Martiño.

Para conmemorar estas datas, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) organizou un concerto dun dos grupos galegos máis orixinais: Som do Galpom. O seu estilo conecta co rap, co funk, co reggae... e caracterízase por unhas letras moi traballadas.

Aquí tedes algúns momentos do concerto que resultou moi entretido.

Foi magnífica esta sorpresa do EDLG do centro ao traeren o grupo compostelán **Som do Galpom** para dar un concerto no salón de actos. Grazas a esta actividade puidemos desfrutar da súa música, que é unha rica mestura de estilos musicais: rap, hip hop, folk...

Som do Galpom interpretou dende os seus temas máis coñecidos, como "Na cama", ata outros inéditos e con eles gozamos tanto da súas letras como da súa música. Se queredes saber máis desta xente, tédelos en YouTube, en Spotify e en Facebook. @GalinhaDeTroia.

Un "Som persoal"

O pasado día 10 de novembro asistimos ao salón de actos da Universidade Laboral de Culleredo os Ciclos de Formación Profesional Básica, a ESA, os Ciclos Medios e Superiores e os grupos de Bacharelato. O equipo de Dinaminación da Lingua Galega preparáranos unha sorpresa: un grupo de raperos estaba esperando por nós no escenarios. Eran Som do galpom. Entre eles había un que tocaba o violín, outro a batería, outro a guitarra, outro máis o baixo e o teclado, e finalmente o solista, coñecido como Master of Ceremony (MC) na xerga dos rapeiros.

Estivemos en torno a dúas horas escoitando algúns dos seus temas, que empregaban o galego como lingua. Xuntaban varios estilos, como o funky e o hip-hop. A letra das súas cancións tamén era moi variada, pois facía referencia a cuestións da vida tan comúns entre nós como a infancia, a adolescencia e o espírito de denuncia contra a realidade que nos toca vivir.

Ao finalizar chegamos á clase e puxémonos a traballar en pequenos grupos. O obxectivo: elaborar o noso propio rap, a partir da letra dunha das cancións do Som do Galpom:

"A Laboral ten moita tela, facendo rimas cos meus colegas".

O resultado poidémolo expoñer na clase, e iso si, con moito "flow"!

Jonathan Buceta Alejandro

Moisés Méndez González

Velaquí tedes unha das nosas creacións, concretamente a ideada por Tes Bello:

Vida sen palabras

"A Laboral ten moita tela,
Facendo rimas cos meus colegas"
Os políticos están roubando
e eu aquí estudando
como se non houbera mañá,
eu estou aquí fumando un c*****
co meu irmán.
Ai! Car*****!
o mundo está quedando
demasiado amargo !
Na rúa o único que respectaba
é a madre que me pariu ,
sen ela non existiría
o que estas letras escribiu.
Estiven preso no labirinto do meu
corazón,
e regaleillo a Deus,
quen se levou a meus pais
e non volveu a reclamar
o meu soño con eles dous.
Agora estou na Laboral
e sen eles o paso mal .
Pero o pasado xa pasou
Agora estou no presente
e vou desfrutar
facendo o que eu quero
que é cantar.
Aquí dígoche irmán
voucho deixar claro
coida da túa familia
como se fora o único regalo.

Tes Bello Harfuch

A Laboral ponse de negro polo 25N

Charla sobre la violencia de género. Una visión personal de la misma.

El pasado 10 de noviembre, tuvimos una charla acerca de la violencia de género, debido a que hoy en día existen muchos casos de maltrato, los cuales han llegado a tal punto, que existen asesinatos y suicidios.

En lo que a mí respecta la charla fue muy bien llevada y explicada por la colaboradora de la Secretaría Xeral de Igualdade, pero no estoy de acuerdo en muchas cosas debido a que no solo defendió a la mujer, sino que también martirizó al hombre, con lo cual ya no sería una charla feminista sino "hembrista".

Otro punto con el cual no estoy de acuerdo es que se siga malinterpretando el término "Género", cuando el término que se debía emplear es "Sexo", ya que el "género" hace referencia a un tipo de cosa en común dentro de un tema y la palabra "sexo" determina lo masculino y lo femenino.

Por último, quiero decir que el respeto debe ser el mismo para cualquier persona mujer u hombre, pues todos merecemos el mismo tipo de trato. La violencia es violencia venga de donde venga, por eso es muy importante que asumamos el compromiso de prevenirla. En este sentido los invito a buscar en YouTube unos videos de experimento social donde se ve claramente el apoyo de la sociedad hacia la mujer víctima de mal trato y de cómo la sociedad no interviene para apoyar al hombre que también es o puede ser mal tratado. El video se llama "violencia de género mujeres vs hombres, hombres vs mujeres".

Miguel Ignacio de Jesús Vihtodenco Colimodio *(Alumno Ciclo Formación Profesional)*

O representante de Delegados do Centro e estudante do C.S. de Enerxías renovables, foi o encargado de ler un comunicado rexeitando a violencia, que tamén foi rexeitada a través das letras de diversas cancións expostas nos taboleiros do instituto.



Novas para a literatura galego-portuguesa

Xa hai algún tempo, concretamente nun congreso da Associação Internacional de Lusitanistas organizado en Santiago de Compostela, o escritor brasileiro Luiz Ruffato cuñou o termo galeguia. Con el propuña substituír o concepto de lusofonía, que agrupa aos países de lingua portuguesa, e poñer de relevo o común denominador con base en Galicia de todos eles.

Dende aí en adiante son moitas as voces que se suman a esta idea como é o caso da nova publicación Galegia (antes chamada Lusofonia), é un poemario no que o autor, profesor do noso centro, nos leva dende os grandes fitos e mitos do pasado á esperanza futura dun sentir común de todas aquelas terras irmandadas: Galeguia.

"Galeguia, é un poemario no que se pretende dar a coñecer as relacións históricas entre Galicia e Portugal"

O CLUB DE LECTURA RECOMENDA ...



Club de Lectura
UNIVERSIDADE LABORAL



BO NADAL

FELIZ ANINOVO

Colabora na edición do boletín, podes enviar as túas propostas ou artigos a:

boletin@ulaboral.eu